

Literatura comparada, teoría literaria, retórica¹

Jean Bessière

[Recibido, febreiro 2005; aceptado, marzo 2005]

RESUMO O autor, catedrático de Literatura Comparada na Universidade Sorbona Nova (París III), comeza retomando o debate entre comparatismo francés e americano no segundo congreso da I.C.L.A., ocasión de enfrontamento entre historia literaria e teoría. Achega unha definición da literatura comparada na que se fai explícito o presuposto común das dúas hipóteses enfrontadas: o principio de pertinencia da literatura. A partir de aquí, propón unha reconceptualización da literatura que atenda ás súas representacións en cada contexto cultural. Convida a acudir á retórica para atopar os instrumentos de interpretación desta noción de literatura, necesaria para o traballo do actual comparatismo.

ABSTRACT The author, Professor of Comparative Literature in the University of Paris III (Sorbonne Nouvelle), begins his article by examining the debate between French and American scholars in the area of Comparative Literature at the second Congress of the International Comparative Literature Association, when the point at issue was the Literary History versus Literary Theory. He suggests a definition of Comparative Literature in which the common proposition of the opposing camps is explicitly stated, namely the principle of the relevance of literature. Going on from here, he proposes a reconceptualization of literature which would take its manifestations in each cultural context into account, and makes an appeal for recourse to rhetoric in order to find a methodology for this approach to literature, which he considers necessary in order for comparative studies to prosper.

Para introducir o tema “Literatura comparada, teoría literaria, retórica” poderíase inevitabelmente lembrar os vellos debates de case que cincuenta anos atrás, entre comparatistas franceses e comparatistas americanos, particularmente Wellek, co gallo do segundo congreso da Asociación Internacional

¹ Tradución do orixinal francés de Olivia Rodríguez González, Universidade da Coruña.

de Literatura Comparada en Chapel Hill. Tratábase, de feito, dun debate sobre historia literaria e teoría literaria. Abofé que este debate tiña lugar no marco de estudos da literatura comparada, pero as súas achegas non serían diferentes, de terse producido no eido de estudos dunha literatura nacional. Este último tipo de debate tomará carta de natureza nos anos sesenta, a grande escala, en numerosos países, e proseguirá nos anos setenta.

Retomar o debate hoxe esixe non esquecer estes termos iniciais e tamén pide actualizarmos con nitidez, comezando polas referencias á literatura comparada e á teoría literaria, e continuando –veremos en qué condicións– con referencias á retórica.

Unha actualización das referencias á literatura comparada implica partirmos dunha definición sinxela da literatura comparada que eu proponho: o estudo de toda cuestión literaria nun contexto quer interlingüístico, quer intercultural, quer internacional. Pode haber un contexto interlingüístico ou intercultural nunha mesma nación, nun mesmo Estado. Ou ben, o contexto pode implicar varias nacións, varios Estados. O contexto internacional non implica sempre diferenzas lingüísticas importantes –pensemos nos mundos hispanófonos, lusófonos, francófonos–, pero non é, a maioría das veces, dissociábel de contextos interculturais. Esta definición sinxela permite comprender, nunha mesma referencia disciplinaria, a case totalidade dos estudos levados a cabo en literatura comparada, en diversos lugares actualmente, sen aprezar nas diversas prácticas da literatura comparada xogos antagonistas, ou necesariamente antagonistas.

Só se pode entender unha actualización das referencias na teoría da literatura, se se pon en relación con esta actualización de referencias na literatura comparada.

I

Velaí o xeito como podemos interpretar os debates de Chapel Hill, sen volver entrar nos antagonismos convencionais. Para os americanos, que daquela eran partidarios da teoría da literatura, a literatura é un fenómeno transnacional, susceptíbel xa que logo dunha crítica transnacional, a da teoría, que é, de

feito, o equivalente a un estudo de parentescos e posibles xeneralizacións estéticas. Para os franceses, unha literatura é sen dúbida un discurso literario, pero tamén un discurso nacional, e tamén cultural, que efectivamente pode participar de varias culturas, pero esta participación só se pode estudar de maneira específica. Ou, expresado doutro xeito, os americanos afirmaban que no outro, hai sempre algo dun mesmo; e os franceses, que nun mesmo, hai sempre algo do outro. Na primeira hipótese, fai falla contar cunha idea ao menos un pouco xeral da literatura. Na segunda hipótese, fai falla dispoñer dunha idea particular da literatura.

Hai porén un presuposto común a estas dúas hipóteses, que non parece ter sido posto de relevo en Chapel Hill. Sempre se presupuxo que a literatura, o texto literario, sexa cal for, mantén unha relación específica coa outra literatura, coa outra cultura: “as literaturas poden ser postas en relación coa literatura, así como as culturas poden ser postas en relación coas literaturas, coa literatura”. Resumindo, hai sempre unha *pertinencia* da literatura. É precisamente a hipótese desta pertinencia o que xustifica todos os procedementos comparatistas, aínda que os comparatistas se interesasen poucas veces polo que é, xa que logo, o seu presuposto de partida, e que non é necesariamente o presuposto dos especialistas en literaturas nacionais. Temos un bo exemplo no “New Historicism”, que segmenta a literatura inglesa en tantas literaturas como épocas se dan, e que conclúe na heteroxeneidade destas diversas literaturas no interior do que se considera usualmente unha literatura nacional. Os partidarios da continuidade e a unidade dunha literatura nacional, se ben se atopan moi afastados nas súas conclusións das de Stephen Greenblatt, comparten con todo o mesmo presuposto: o que constitúe a pertinencia dunha literatura nacional é precisamente a cultura nacional, vista entón como algo unitario no seu proceso histórico. Querería ver outro indicio de como prevalece a referencia á cultura, na inclinación que teñen moitos comparatistas occidentais e asiáticos, cando se reúnen, a tratar os malentendidos culturais de Occidente e Oriente, precisamente a través da literatura, unha literatura que acha a súa pertinencia antes que nada neses malentendidos, ou por dicilo doutro xeito, nas especificidades nacionais. Estamos, neste momento actual da reflexión, moi lonxe do presuposto común, aínda que non fose feito explícito, dos americanos e dos franceses en Chapel Hill.

Para proseguir co que implican os debates de Chapel Hill, convén sinalar que a través desta pertinencia constante da literatura se supuxo que as repre-

sentacións da literatura son comparábeis seguindo a súa pertinencia, a súa función de pertinencia, desde o punto de vista de diferentes obxectos literarios, de diferentes pertinencias que eses obxectos literarios manteñen cos fenómenos culturais, saberes, discursos comúns. A pertinencia defínese como a característica do enunciado que pode ser interpretado, nun determinado contexto, por un suxeito mediante un xogo de referencia ás representacións dese suxeito, e de semellanza con elas –refírome ás representacións comúns. No caso da literatura, trátase de representacións que ese suxeito pode formar con respecto á literatura, ás crenzas, ás opinións, ás convencións que a mesma literatura contén. A pertinencia, así definida, queda asociada ao principio de comunicación propio do discurso que se ofrece e é recoñecido como literario.

14 Aínda que se considere transhistórico, nestas condicións o concepto de literatura apela menos ao subliñado das identidades e das diferenzas esixidas para sinalar a identificación dun discurso literario, que a que este subliñado se faga a partir de marcas formais ou a partir dunha decisión do receptor. Este concepto supón que se investiga unha relación de *semellanza* entre este discurso identificado como literario, os medios da súa identificación, e unha idea, é dicir, unha representación, variábel de seu, da literatura. Esta idea da literatura comporta o seu propio xogo de pertinencia: procede, na definición e interpretación do concepto de literatura, por semellanza entre unha caracterización da literatura dada e outra caracterización da literatura dada noutro lugar ou momento. A notación da transhistoricidade da literatura depende pois do recoñecemento dalgunhas propiedades comúns salientábeis entre un discurso que se ofrece e é recoñecido como literario, e unhas representacións da literatura. O recoñecemento da literatura que segue marcas formais explícitas é, nestas condicións, a realización do caso límite e ilustrativo da semellanza máxima entre eses discursos literarios e esas representacións da literatura.

Baixo esta perspectiva, a literatura comparada queda ligada ao que fai ela coa noción da literatura, á idea que ten da literatura, á idea da literatura que ela capta na literatura, nas literaturas, nas diferentes culturas. Por iso a hipótese da comparación literaria, sexan cales fosen os medios e fins que adopte, fica atoadada, de maneira explícita ou implícita, nunha dualidade, a dun relativismo estrito e a dun universalismo igualmente estrito. É habitualmente a noción de literatura, coas nocións de continuidade e de identidade transhistóricas e transculturais das que é indisociábel en diversos graos, a que permite xogar con esta dualidade e artellar relativismo e universalismo. Esta referencia

usual á noción de literatura non exclúe, evidentemente, as aproximacións máis propiamente antropolóxicas e interculturais. Queda aberto, pois, o debate sobre a utilización dun concepto de literatura coma este.

As reflexións convidan a concluír que este concepto pode ser lido asemade como un concepto máximo e como un concepto mínimo. *Concepto máximo*: é a hipótese que permite en última instancia dar conta de todos os seus obxectos. *Concepto mínimo*: é a hipótese que subsiste unha vez que foron apuntadas as diferenzas dos obxectos que se presentan como literarios, que se din literarios. Que o concepto presente esta dualidade confirma que é un concepto teórico insostíbel, e sen embargo indispensábel. Hai, en efecto, discursos que *se pretenden literarios* de xeito máis ou menos acentuado e seguindo marcas variábeis; hai discursos *que son afirmados como literarios* seguindo criterios moi diversos. Esas marcas e eses criterios tíranse de datos culturais e confirman o xogo do universalismo e do relativismo. Por algún estraño motivo, a literatura comparada, nas súas realizacións institucionais, interesouse pouco por esta situación, por este simple feito: que me autoriza a percorrer o mundo cunha noción de literatura no meu peto, que non ten o estatuto administrativo dun pasaporte nin dunha visa?

15

II

Esta cuestión suxire ademais que a literatura comparada é inevitabelmente o encontro dunha aporía á que chegan todos os intentos de definición da literatura comparada, e que eu intentei evitar na sinxela definición que propuxen antes. Esta aporía, que non é máis que a da constatación do un e do diverso, e que a mesma literatura comparada supón coas súas caracterizacións convencionais, pode formularse na recuperación dunha constatación lapidaria de Gilles Deleuze: “Xa que, acerca do idéntico, pensamos con toda a intensidade, sen ter unha imaxe definida diso; non temos sobre o diferente, ao contrario, a máis acabada imaxe, pero sen que poidamos pensar sobre iso?”². A fórmula de Deleuze alerta sobre moitos puntos dos debates habituais dos estudos literarios. Hai desde logo un perigo en vincularse obsesivamente a unha inves-

² Gilles Deleuze, *Différence et répétition*, Paris: PUF, 1981, p. 292.

tigación sobre o canon, termo cuxa utilización en francés coído totalmente impropia, pero que indica, se se toma ao pé da letra, que unha idea da identidade da literatura, que xustificaría os estudos literarios, é só unha idea normativa da literatura, é dicir, unha ausencia de idea con respecto á literatura. Como hai un evidente perigo no feito de escoller só a diferenza, o que conduce a unha especie de vaidade da idea.

Con esta dualidade poderíamos xogar moito tempo; con esta dualidade, poderíamos pasar ao que supón ás veces a comparación, o encerro ou a fuxida na semellanza –pódese citar esta afirmación de Michel Serres, como testemuña desta obsesión: “O comparatismo xoga a través de curtos circuitos, e como se ve coa electricidade, estes producen faíscas brillantes”³. Esta cita vén moi ao caso. Fala da inxenuidade á que pode chegar a comparación. Di tamén, e énos unha evidencia, que na comparación hai unha invención e un compromiso cognitivos. Aquí chegamos ao que constitúe a cuestión da literatura comparada, tanto desde unha perspectiva de ensino inicial na universidade ou na escola, coma desde unha perspectiva de investigación.

16

Chegamos así á aporía que produce a hipótese mesma da comparación literaria. Coñecemos as respostas da disciplina a esta aporía: comparación e modelo, comparación e tema, comparación e variantes formais, temáticas, comparación e variantes estéticas, comparación e reconstrución de modelos. Os préstamos metodolóxicos dos trinta últimos anos non modificaron esencialmente a situación. A importación do modelo comunicacional, reformado pola hermenéutica, non cambia, no fondo, gran cousa. A atención prestada á alteridade é, no contexto da literatura comparada, unha atención paradoxal: a alteridade, considerada como tal, non permite a comparación; simplemente define un obxecto de estudo que me é externo culturalmente e que se ofrece explicitamente como externo ás culturas que lle son próximas. A alteridade, ligada ao chamado estudo da literatura comparada, retoma todos os procedementos de estudo da identificación, do recoñecemento do outro, que non son máis que a versión contemporánea, con algúns cambios de perspectiva ideolóxica, do tratamento da referencia ao estranxeiro. Abonda indicar que, presentado desta maneira, o debate non ten fin porque fica preso na contradición que sinala Deleuze. Desde estas perspectivas, a literatura comparada arríscase a se

³ Michel Serres, *Éclaircissements*, Paris: Grasset, 1994, p. 106.

presentar, ou como un modo de *organon* da crítica literaria, ou como unha serie de tarefas críticas que non consideran o terceiro elemento que poñen en xogo –e que é o elemento mesmo da literatura, sometido á dualidade do relativismo e do universalismo–. En todos os casos, subsiste a hipótese de que o terceiro elemento, suposto por estas construcións críticas, xa está dado e non é outro que a literatura mesma, entregada pois á súa indefinición.

Estas anotacións veñen dicir dúas cousas. *Primeira*: os estudos de literatura comparada deben encadrarse nunha verdadeira noción da literatura de acordo coa diversidade das literaturas. Isto quere dicir que as consideracións lingüístico-formais, comunicacionais ou hermenéuticas por si soas –todo o que constitúe a base da teoría literaria– non poden ser suficientes. *Segunda*: esta idea da literatura debe ser quen de incluír a cuestión do contexto interlingüístico, intercultural, a cuestión de como se sitúa ese contexto ou de como modifica toda interrogación sobre a literatura, toda a idea da literatura. Dito doutro xeito, cómpre construírmos en todo momento o que sería o paso máis aló das nosas literaturas, do ensino das nosas literaturas, e hai que demostrar en todo momento que utilizar a palabra literatura, mesmo en plural, supón unha concepción da literatura que debe dar conta do xogo de reflexión, de reflexividade, ao que obrigan a literatura, as diversas literaturas.

17

III

Dado que unha identificación máxima da literatura non pode ser historicamente constante nin impoñer como criterios de representación da literatura unha serie de marcas formais, a hipótese do carácter transhistórico e transcultural da literatura supón un xeito de *desliteralización* do concepto de literatura. Este non pode interpretarse literalmente, sexa cal for a precisión da representación da literatura á que vai asociado. Só pode haber representación e, en consecuencia, concepto da literatura segundo os criterios dunha determinada comunidade. Como eses criterios se comparten socialmente, son os medios do xogo da semellanza que permite o recoñecemento da literatura, ou por dicilo doutro modo, os medios de xustificarmos a literatura.

Cómpre sinalar que o concepto de literatura, desde o intre no que acomete a súa cualificación para proceder ás comparanzas, desde o intre no que pretende dar conta dos caracteres transhistóricos, transculturais, e dos carác-

teres especificamente históricos e culturais da literatura, implica á vez pertinencia, semellanza, representación, desliteralización. Significa volver facermos comparación: por unha banda, unha comparación formal, tal como ensinou a tradición comparatista; e por outra banda, unha comparación que siga as representacións da literatura, tal como aparecen implicadas nas realizacións literarias e nos discursos dóxicos (de opinión).

O concepto de literatura é, de feito, un concepto de transferencia. A súa transferencia, precisamente transhistórica e transcultural, está suxeita a criterios que dependen do xogo da pertinencia e da representación. Estes criterios son os dos dominios literarios considerados e os do suxeito que compara. A comparanza é, nestas condicións, a reinterpretación dun ámbito literario, que se dá ou é recoñecido como tal, en termos doutro ámbito literario. Consiste nunha percepción do aspecto destes ámbitos por medio do principio de pertinencia, da semellanza e da representación. A transferencia mesma, que pode ser máis ou menos arbitraria, inflúe no concepto de literatura e no ámbito literario ao que este concepto se transfire. Supón tamén o encadeamento de semellanzas e representacións que permiten a transferencia, se a comparación ten que ver con conxuntos culturais e históricos diferentes.

18

Nestas condicións, o concepto de literatura é esencialmente relativista, malia a hipótese da constancia e a transhistoricidade da literatura coa que se asociou. Este relativismo implica un presuposto: a literatura é o discurso que suscita atencións que serán axiña investigadas —aquí aparece a consecuencia do principio de comunicación indisociábel do discurso literario, así como de todo discurso. Este presuposto ten dúas condicións. *Primeira condición*: a literatura, que é sempre, ao menos en certo grao, innovación, por unha beira, e, pola outra, diferenza polo xogo da diversidade histórica e cultural, é definida como o que pode ser compartido. *Segunda condición*: a identificación, o recoñecemento da literatura depende do feito de que as representacións mesmas da literatura se comparten.

A literatura é obxecto de recoñecemento por un individuo na medida na que ela se manifesta a ese individuo nun momento dado, se este individuo é capaz dunha representación mental da literatura. Esta representación é en si indisociábel dun contorno cognitivo mutuo, do contorno cognitivo de individuos diferentes. Estas observacións atinxen tanto ao lector ou ao auditor comúns, coma ao crítico. Queren dicir que o concepto de literatura está

menos ligado á dualidade da que falabamos ao inicio, e que máis ben remite a unha intencionalidade discursiva específica: a que sabe que o xogo da pertinencia, da representación, da semellanza, acompaña perfectamente a comunicación discursiva; a que sabe que a *literalidade* da comunicación discursiva queda reducida a unha excepción. Se non houberse tal saber, o problema da pertinencia do discurso e a do discurso literario non se presentaría. As diversas representacións da literatura, seguindo uns ou outros criterios e unhas e outras semellanzas en comunidades determinadas, traducen as respostas desas comunidades en función do carácter excepcional da literalidade discursiva.

Non hai finalmente máis representación da literatura ca esta práctica discursiva que unha comunidade representa como resposta á carencia de literalidade da práctica discursiva, e á cal se presta pertinencia. Para que haxa pertinencia desta resposta, é necesario que a representación que a comunidade ten da literatura sexa axeitada ás normas cognitivas da comunidade. O feito de apuntar a transhistoricidade e o constante na literatura volve, no fondo, expresar estes caracteres e esta función da representación da literatura. Literatura e representación da literatura aparecen, nunha comunidade dada, como os instrumentos para “negociar”, seguindo as convencións desta representación, a distancia entre a literalidade do discurso e a carencia de literalidade do discurso, e a posición relativa dos comunicadores respecto desa carencia de literalidade e de acordo cun contorno cognitivo común. Esta función de negociación implica un *minimalismo cognitivo*: literatura e representacións da literatura actúan de acordo con asociacións cognitivas limitadas, co fin de procurar sempre a posibilidade da pertinencia. Esta intención exclúe que a realización literaria e a representación da literatura provoquen un número de inferencias excesivo.

A literatura comparada pode presentarse como a tarefa de relacionar o concepto de literatura con esta función e este xogo de pertinencia, e de examinar de que modo as diversas representacións convencionais da literatura, lexíbeis en tal ou cal comunidade, son comparábeis e asociábeis por mor desta función e deste xogo de pertinencia. Isto significa respectar o relativismo que representa o concepto de literatura, e porén tamén permite soste unha comunidade transhistórica e transcultural de obxectos literarios ou tidos por literarios. Hai que deixar de preguntarse, seguindo un hábito moi repetido hoxe, que cousa é a literatura, cando hai literatura. Hai que contentarse con examinar as nosas representacións da literatura e que pertinencia prestan á literatura.

Deste xeito, poderemos examinar o criterio intelectual a través do cal pasamos dunha obra a outra, dunha literatura a outra: un criterio intelectual que é o mesmo da literatura e que está en relación coa evidencia de que non comprendemos de maneira constante e literal os nosos discursos comúns.

IV

20

Todo isto conduce a un vasto terreo, quizás o terreo da definición da literatura –o da literatura como interrogatividade e negación. Unha forma clara da negación e da interrogatividade é a descrición: describo porque non hai ninguén para ver o que describo, pero, por iso mesmo, presento a cuestión do obxecto descrito dicindo e supoñendo que esta non se presenta, e entro no xogo da cuestión da pertinencia. Hai outro indicio claro deste xogo. A partir deste tipo de apuntamento, poderíanse reconstruír unhas cantas aproximacións interlingüísticas e interculturais do realismo e das formas nas que un texto literario se presenta. Velaquí outro exemplo común deste xogo de negación e de interrogatividade. Todo o que se nos di sobre o moderno, o posmoderno, a modernidade, a posmodernidade, o modernismo, o posmodernismo –atéñoime voluntariamente á nosa vulgata crítica contemporánea–, pode ser unha maneira de non dicir algo que é propio do moderno, da literatura moderna, dende a querela dos Antigos e Modernos? O Moderno substitúe, no interior do relato do *contínuum* de onde se pode entresacar unha escena exemplar, unha cesura na representación dese *contínuum*. Dado que di que hai algo novo, algo vello, o moderno des-referencializa o *contínuum*, e porén preséntao baixo o signo do vello. E non hai máis literalidade do *contínuum*; e iso fai do Moderno, da súa cesura, a negación e a cuestión do *contínuum*. Como lector, como crítico, entro, a través da literatura, a través do xogo da pertinencia, na cuestión da representación temporal e histórica. Sempre na mesma perspectiva, imaxinemos as historias literarias reescritas desta maneira, as diferenzas culturais, relacionadas coa literatura e tomadas neste xogo de negación e de interrogatividade, as dis-cronías dos grandes movementos literarios do último século, remitidos a este xogo que segue áreas nacionais e culturais. Imaxinemos que fermosos debates para manter cos “culturalistas”, como lles amosaríamos que eles parten do presuposto desta pertinencia constante da literatura, aínda cando se esforcen en acentuar o xogo da diferenza. Imaxinemos a tipoloxía dos xéneros literarios, a súa historia, afirmadas segundo esta negación e esta interrogatividade. Imaxinemos a historia da literatura

como un interpretante da nosa historia –esta historia de diferenciacións constantes, que poden ser lidas como series de *continuum*, e que poden ser lidas tamén segundo un xogo de negación e de interrogatividade. Imaxinemos todo iso, e quizais quedemos libres dos discursos sobre a literatura comparada que, na meirande parte das súas variantes contemporáneas, fican como herdeiros do pensamento filolóxico e crítico do s. XIX, ou limitáanse a retomar as adquisicións da teoría literaria e os estudos culturais. A aporía, que sinala Gilles Deleuze, e que eu mencionei, só nos perseguirá se non caracterizamos a función de pertinencia deste obxecto, unhas veces por identidade e outras por diferenza.

Isto vainos permitir ademais reescribir moitos capítulos da teoría literaria contemporánea. Porei só dous exemplos. Poderíase así reformular todo o que se dixo sobre a poeticidade e a literariedade. Poeticidade e literariedade non se deben concibir necesariamente como características dun texto literario –non é seguro, polo demais, que esa identificación sexa posíbel en todas as literaturas e en todas as culturas. Poeticidade e literariedade máis ben deben interpretarse como aquilo que remite a unha función dos textos literarios: darse as marcas dunha especificidade que entón pode ser formal, e asemade retomar os datos semánticos, temáticos, estilísticos, representacionais dos discursos ordinarios, a fin de entrar nun xogo de negación e interrogación deses discursos comúns. Poderíase así, aínda, reformular as teorías da recepción e das aplicacións da hermenéutica. A hipótese da continuidade e da diferenza de lecturas –na que se dá o paradoxo constitutivo de todos os estudos de recepción e hermenéutica literaria– ten como condición este xogo de negación e de interrogatividade.

21

Baixo a perspectiva desta reescritura da teoría, un debate sobre a literatura comparada non compromete nin os consensos nin as divisións que foron descritas en Chapel Hill, nin os que definen as oposicións entre os culturalistas e aqueles que teñen un enfoque máis tradicional ou máis formal da literatura comparada.

V

Chegados a este punto, podemos facer unha referencia á retórica. Esta referencia non debe entenderse como o convite a unha recuperación da retó-

rica seguindo a división entre argumentación e figura, seguindo a nomenclatura dos instrumentos de argumentación, seguindo a nomenclatura das figuras. A referencia á retórica permitirá caracterizar, interpretar esta concepción da literatura, que debe acompañar a literatura comparada se esta quere librar-se das súas propias aporías.

Coidemos, pois, de que modo podemos facer que actúen xuntas estas referencias á argumentación e ás figuras, neste enfoque dunha idea da literatura. Dispoñemos de medios para un xogo de aserción. Temos os medios para unha desliteralización. Indo da argumentación ás figuras, atopamos por un lado a presentación do literal –toda aserción ten un valor literal; temos, por outro, a través da desliteralización, un xogo de negación e, en consecuencia, unha interrogatividade. Sabemos que, nun texto literario, encontramos á vez a argumentación e as figuras. Sabemos, consecuentemente, que ese texto é ao mesmo tempo, o arremedo dun xogo de aserción, un xogo de negación e de interrogatividade. Todo isto produce, en conxunto, a cuestión da pertinencia do texto literario –cómpre repetir que esta cuestión da pertinencia, así posta de relevo, é o que crea a función da literatura. Hai que engadir –pero este tema sería para desenvolver con máis tempo– que é aquí onde a obra pode ofrecerse á vez como aparencia e como pregunta, que é ademais aquí onde pode ser obxecto dunha lectura singular e dunha lectura común.

22

Un pouco máis esencialmente gustárame reter destas notas o dato seguinte: nunha volta ás referencias á retórica, dispomos do medio de superar a dualidade do relativismo e do universalismo; dispomos tamén do medio de ler, de forma continua e sen deixar de lado as súas diferenzas, a literatura: esta é a cuestión constante da pertinencia, pero éo consonte condicións históricas, culturais. Pola mesma razón, é a negociación da relación da identidade e a diferenza –expón esta negociación por si mesma. Tratei de ilustrar estes temas en diferentes traballos. Non entrarei en detalles. Vou mencionar simplemente en que permite todo isto reformular o xogo entre estudos culturais e literatura. Se cremos os etnólogos e os antropólogos, toda expresión cultural da identidade –e non existe comunidade sen identidade–, toda cultura se representa de acordo cun exceso de tempo, de identidade. Dito doutro xeito, represéntase de maneira absoluta. Iso non exclúe que se represente de maneira heteroxénea. O heteroxéneo mesmo tómase con igual exceso, preséntase con igual exceso. Falar de literatura conforme ao intercultural supón esas constatacións. Supón ademais ter en mente a función da literatura. A literatu-

ra, as literaturas permiten de maneira exemplar ler o intercultural na mesma medida na que son un xogo de aserción, de negación e de interrogación deste exceso: a literatura, as literaturas son así os medios de ilustrar o paso dunha cultura a outra⁴.

Jean Bessière

Universidade da Sorbona Nova-París III

⁴ Permitímonos remitir, para propostas máis polo miúdo sobre os puntos aquí desenvolvidos, ao noso artigo "Literature, Cultural Relativism and the Efficacy of Gognitive Minimalism", en *The Search for a New Alphabet, Literary Studies in a Changing World*, ed. By H. Hendrix, J. Kloost, S. Levie, W. van Peer, Amsterdam: John Benjamins, 1996, pp. 13-18; e á nosa alocución presidencial no congreso da Asociación Internacional de Literatura Comparada en Pretoria, agosto de 2000, *Bulletin* da AICL. E ás nosas obras: *Enigmaticité de la littérature*, Paris: PUF, 1993, *La littérature et sa rhétorique*, Paris: PUF, 1999), *Quel statut pour la littérature?*, Paris: PUF, 2001.